

Dialectoloxía e lingüística. Sobre a aplicación dalgúns marcos teóricos á pesquisa dialectolóxica

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña
sanrei@udc.es

1. Introducción

A dialectoloxía naceu nunha época determinada, en finais do século XIX, e fíxoo vinculada enormemente ás correntes de investigación lingüística existentes na altura, isto é, aos estudos filolóxicos comparativistas e aos historicistas. O gusto polo minoritario, a atención ao diferencial, o interese polos elementos populares como base das culturas nacionais, a mentalidade romántica que impregna a estética artística europea na altura etc. facilitan que fenómenos restritos ou non coincidentes coa xeneralidade centren considerábeis atencións. Con esa nova mentalidade, a dialéctica entre o excepcional e o habitual reclama o seu propio albo de interese e a algúns investigadores resultáronlles máis atractivas as variantes lingüísticas rexionais que as formas canonizadas desde os estándares ou desde a lingua literaria.

No tocante ás correntes historicistas, hai que notar que un punto en común en que se basea a relación entre dialectoloxía e gramática histórica é a propia concepción do termo *dialecto*, no sentido en que do punto de vista histórico todas as linguas son variedades doutras. Resultan explícitas, a este propósito, as palabras de Frago García (1999: 23) cando sinala que ambas as disciplinas teñen de estar estreitamente relacionadas, xa que todas as linguas

antes foron “dialectos desgajados de más amplios entes lingüísticos”: como é sabido, o antigo indoeuropeo deu orixe a linguas como o celta, o osco, o grego, o xermánico, o latín etc., e deste último proveñen as linguas romances, tamén chamadas románicas, neolatinas ou novilatinas. Repárese, igualmente, na noción de *dialecto histórico*, que fai referencia a variedades en formación que, por un motivo ou por outro, non chegaron a se desenvolver en linguas ou que coñeceron eivas que recuaron ese desenvolvemento; eses dialectos históricos constitúen, aliás, unha outra ponte entre a dialectoloxía e a lingüística histórica, pois percíbense como esgazamentos dunha entidade anterior, unha lingua, os cales non sobordaron máis que unha determinada adscripción territorial e que se non puideron proxectar como entidades de seu.

Mais se a dialectoloxía xurdise noutro contexto histórico ou cultural, os seus vínculos coas pesquisas científicas serían posibelmente distintos, ou sexa, a súa maridaxe estableceríase con outros puntos de vista (gramática xeral no século XVIII, gramática xenerativa ou gramática relacional na segunda metade do século XX etc.) e os seus métodos desenvolveríanse con certeza orientados por outros principios. Isto non significa que, desde a actualidade, non se poidan realizar estudos dialectais adoptando marcos teóricos modernos, como se tentará demostrar aquí, mais faltaríase á verdade se se dixese que a comprensión mutua entre especialistas en dialectoloxía e en lingüística foi sempre efectiva ou que os avances nunha ou noutra significaron beneficios recíprocos. A este respecto, a reflexión lingüística moderna criticaba que a dialectoloxía de carácter máis ou menos tradicional costumase entender as diferentes formas como elementos isolados, en vez de como integrantes de sistemas ou estruturas dotados dunha certa organización.

Gimeno Menéndez (1990: 108), a desenvolver os motivos da separación entre as pesquisas dialectolóxicas e as lingüísticas, sinala algunhas causas que explican rumos diferentes para o caso da escola estruturalista e dos dialectólogos, mais os tales motivos son tamén asimilábeis a outros marcos teóricos: primeiramente, este autor pondera un localismo destacábel nas investigacións dialectais, o que non resulta doado de asumir para correntes que aspiran a abranxeren a explicación do fenómeno lingüístico no seu conxunto. En segundo lugar, salientouse de máis a diversidade lingüística antes que a similitude, o que levou a unha concepción atomista dos datos. En terceiro lugar, secundarizouse a variación social, contextual e as variedades urbanas,

pois preferiuse unha orientación rural e xeográfica. A cuarta causa que apunta Gimeno Menéndez parte do afastamento progresivo entre a compoñente etimolóxico-lexical e os dominios "contiguos más abstractos" (isto é, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e semántica). Finalmente, o quinto motivo que expón radica en problemas orzamentarios que implican sempre os traballos xeográfico-lingüísticos, pois precisan dun continxente económico capaz de os manter: preparación do persoal adecuado, realización de inquéritos, selección de informantes, análise de datos etc.

Porén, este divorcio entre ambas as disciplinas foi atenuado en épocas relativamente recentes, de forma que nas dúas se poden detectar hoxe en día influencias recíprocas, mesmo no sentido de se adoptar un modelo teórico particular e elaborar, a partir de aquí, investigacións dialectolóxicas. Cientes, porén, de que as posibilidades de postulados epistemolóxicos poderían ser máis¹, decidimos centrarnos fundamentalmente en tres, como son as teorías estruturalistas, as dependenciais ou valenciais e as xenerativistas.

2. Dialectoloxía estrutural

Até aos meados do século XX, a maior parte da literatura especializada partía do suposto de que un sistema lingüístico debía ser esteado en si propio, sen referencia a outros, mesmo que fosen variedades dialectais. Os fonemas, poñamos por caso, eran entendidos en termos de comparación ou confronto con outros fonemas (por exemplo, a vogal central aberta /a/ coa vogal palatal media aberta /ɛ/, o fonema consonántico oclusivo velar sonoro /g/ co seu correspondente xordo /k/ etc.), de forma que se daba o caso de que, como a dialectoloxía se basea tamén na comparación de variantes, existía unha grande tendencia entre lingüistas a ignoraren as pesquisas sobre variacionismo dialectal. Isto non obsta para que no primeiro cuartel do século XX se non comezasen a percorrer camiños confluentes entre a dialectoloxía e o estruturalismo, aínda que non deixaron de ser, en xeral, itinerarios máis ben esporádicos. Neste sentido, xa Troubetzkoy (1964: 343-350), a comezos da década de 30, propuña investigar a

1 Na realidade, ao longo do século XX xurdiron novas hipóteses para o estudo dos mecanismos da linguaxe, algunhas xa, a día de hoxe, totalmente obsoletas, que sinalan a preocupación do ser humano por explicar como funcionan as linguas. Para un percorrido histórico dalgunhas destas escolas, véxase Malmberg (1985) ou Domínguez Mujica (1998).

pronuncia local dos mesmos fonemas para estudar as alofonías e os seus límites e o número de fonemas de cada variedade co obxectivo de analizar as diverxencias fonolóxicas entre cada dialecto. Mais a partir desa época, nas décadas de 30 e de 40, a dialectoloxía e a lingüística estrutural deixaron de se entender no mínimo, embora sexa certo que o diálogo mutuo entre ambas nunca fora moito fluído².

Mais algúns anos despois, no ecuador do século, Weinrich (1954) expresaba a hipótese de que é posíbel a elaboración de estudos dialectolóxicos asentados nos presupostos da lingüística estrutural. A partir dese momento, varios lingüistas comezaron a traballar na idea de que o formulamento sistemático de diferenzas dialectais podía ser unha liña de aprofundamento nas pesquisas sobre variacionismo xeográfico. Nesta liña, xa Moulton (1960) advertiu que as investigacións dialectais tiñan de contemplar a posibilidade da existencia de sistemas dentro das variedades rexionais, de forma que as variantes detectadas debían ser analizadas non como átomos isolados, mais a faceren parte deses presumíbeis sistemas. As sibilantes da Limia Baixa, a que se fará referencia máis abaixo, constitúen unha organización de certas consoantes que se descoñece no resto das falas galegas; isto así sendo, os fonemas que caracterizan lingüisticamente esa rexión deben ser percibidos non como unidades isoladas no conxunto das fricativas do galego, mais como un sistema definido dotado de estruturación que o fai ser distinto doutros sistemas presentes actualmente no noso territorio galego.

Ao falarmos de dialectoloxía estrutural, e en especial no estudo dos fonemas, resulta obrigado facermos referencia aos conceptos de *inventario*, *distribución* e *incidencia* fonémicas³. Os fonemas están organizados en paradigmas ou en inventarios fonolóxicos necesariamente fechados, de tal xeito que non se

2 Sobre este particular, escribe Gimeno Menéndez (1990: 107-108) que a principal "objección que los estructuralistas formulaban a los dialectólogos era la ignorancia de la estructura de los geolectos y la comparación de elementos pertenecientes a diferentes sistemas, sin tomar en consideración las relaciones de cada elemento con los otros de su sistema. Por su lado, los dialectólogos pensaban que el interés de los estructuralistas por las oposiciones y funciones lingüísticas era complicado e innecesario, cuando no deformaban los hechos reales a favor de una excesiva abstracción".

3 Véxase Chambers & Trudgill (1994: 71) cando afirman que a "dialectología estructural, por tanto, puede manejar las diferencias de inventario con éxito, pero sólo con dificultad logra hacerlo con las diferencias de incidencia y de distribución".

pode acrecentar nin diminuír o seu cómputo sen que a lingua, ou a variedade dialectal obxecto de análise, se vexa afectada; o sistema vocálico do galego común coñece sete unidades con valor fonolóxico, pertinente ou distintivo, e non pode reducirse nin se ampliar o seu número. Porén, é certo que as variedades dialectais poden diferir en termos de inventario fonémico, isto é, cantos e cales fonemas teñen. Á marxe dos casos sinalados daquela, verifícanse acaídos exemplos para a nosa lingua en que se constatan esas diferenzas paradigmáticas: o galego da Limia Baixa coñece, no conxunto das súas consoantes, o que se denomina comunmente como “sistema arcaico”, composto por sete elementos tales como $\widehat{tʃ}$ (*chave*), \widehat{s} (*eixo*), \widehat{z} (*seja*, gal. com. *sexa* \widehat{s}), $\widehat{ʃ}$ (*ese*), \widehat{z} (*casa*, gal. com. *casa* \widehat{s}), \widehat{s} (*ceo*, gal. com. *ceo* θ), e \widehat{z} (*fazer*, gal. com. *facer* θ).

A vontade de combinación das diverxencias existentes entre dúas variedades, neste noso caso entre o galego común (GC) e o galego limiao (GL), foi o que levou Weinreich (1954: 390) a propor o termo *diasistema*, definido como “a system of a higher level out of the discrete and homogeneous systems that are derived from description and that represent each a unique formal organization of the substance of expression and content”. Asumíndomos o presuposto deste autor, tamén exposto en Gimeno Menéndez (1990: 109-110), teríanse varios esquemas de representación para esas diferenzas entre a lingua común e a variedade empregada na Limia Baixa, cando menos no ámbito fonolóxico:

1. Consoantes palatais: GC, GL // $\widehat{tʃ}$, \widehat{s} //
 \widehat{z} //
 GC \widehat{s}
 GL $\widehat{s} \sim \widehat{z}$
2. Consoantes interdentaes e predorsodentaes: GC, GL // θ //
 $s \sim z$
 GC θ
 GL $s \sim z$
3. Consoantes apicoalveolares: GC, GL // \widehat{s} //
 \widehat{z}
 GC \widehat{s}
 GL $\widehat{s} \sim \widehat{z}$

Un outro exemplo desta índole é o que nos ofrece a flexión verbal no tema de pretérito dalgúns verbos irregulares, como é o caso de *facer*. O galego común documenta neses casos un radical *fix-* (*fixen, fixo, fixera* etc.), mais algunhas falas orientais manteñen un estadio máis arcaico e presentan formas do tipo *fic-* ou *fez-* (*ficen, fizo* ou *fezo* etc.). Aplicando criterios análogos aos anteriores, resulta o esquema seguinte (GO equivale aquí a eses falares do leste do dominio lingüístico):

GC	<i>fix-</i>	
6. GC, GO //	—————	//
	GO <i>fic-</i> ou <i>fez-</i>	

En segundo lugar, deixando de parte o inventario, as variedades rexionais ou locais presentan diferenzas tamén no aspecto da *distribución* fonémica, isto é, son capaces de posuíren os mesmos paradigmas fonémicos mais non teñen por que coincidiren no contexto fónico en que poden darse os distintos fonemas: como sinalan Chambers & Trudgill (1994: 67), a totalidade das falas inglesas ten “/r/ en sus inventarios, pero difieren en el hecho de permitir o no la /r/ ‘posvocálica’, es decir, la /r/ ante una pausa, como en *far*, o ante una consonante, como en *farm* o *far behind*”. Por súa vez, todas as variedades de galego coñecen a existencia da vibrante /r/ e da sibilante /s/, mais non en todo o territorio (nin en todos os rexistros e ámbitos de uso) aparecen de igual modo; así, a sibilante rotatízase preferencialmente nalgúns falares setentrionais ourensáns. De parecido xeito, a maior parte das falas galegas posúe /s/ e /θ/, mais en posición posnuclear hai variedades que poden non coñecer este último fonema, en cuxo caso estamos diante do coñecido como *seseo* parcial en palabras como *cruz* e *crus*, *dez* e *des*, *luz* e *lus* etc. Como se observa, o criterio da distribución está relacionado directamente coa etimoloxía, pois étimos diferentes conflúen en ocasións nos mesmos elementos fonemáticos⁴.

⁴ A falar dos subsistemas vocálicos tónicos do catalán de Cataluña e do de Valencia, Gimeno Menéndez (1990: 110) fai esta atinada observación: “Ahora bien, si tenemos en cuenta que esta identidad de inventario entre C [= catalán central de Cataluña] y D [= catalán de Valencia] no equivale a una misma distribución, ya que no tienen el mismo origen etimológico, la insuficiencia de las diferencias de inventario es palpable y reproducible. De ahí la pertinencia de integrar

Finalmente, no tocante ao concepto de *incidencia*, as variedades dialectais poden participar en diferenzas no sentido de, mesmo sendo expoñentes de idénticos inventarios fonolóxicos, posúren graos de incidencia distinta nos grupos de palabras. Todas as modalidades de galego posúen sete elementos vocálicos, mais só algunhas presentan /^lɛ/ e /^lɔ/ en palabras como *xente* ou *ponte*; paralelamente, só en certas modalidades de galego se documentan /^lɛ/ e /^lɔ/ tónicos en vocábulos como *mesa*, *ollo* e *posto*. Desde a noción de *incidencia*, por seu turno, é doado pasarmos a comprobar o que se coñece por “correspondencias lexicais”, aínda que resulta complexo tratarmos que fonema nun conxunto de palabras dunha variedade corresponde a outro fonema no mesmo conxunto doutra modalidade dialectal cando houber diferenzas de incidencia. Os presumíbeis efectos históricos da metafonía e da influencia da nasal trabante sinalados non se manifestan uniformemente por todo o territorio, de onde se infire que en ocasións se converte nunha tarefa complicada o establecemento de sistemas diferenciados dentro do galego: os falares occidentais coñecen /^lɛ/ e /^lɔ/, mais non en palabras como *dente* ou *fonte*; algunhas falas centrais, a coñeceren igualmente /^lɛ/ e /^lɔ/, participan da pronuncia etimolóxica en *dente*, mais non en *fonte*; e nalgunhas comarcas orientais, por súa vez, coñécense as vogais /^lɛ/ e /^lɔ/ como no resto do territorio, mais tamén en palabras como *dente* e *fonte*. O seguinte cadro reflicte esta situación:

7.

Occidente	Centro	Oriente
/ ^l ɛ/, / ^l ɔ/	/ ^l ɛ/, / ^l ɔ/	/ ^l ɛ/, / ^l ɔ/
<i>dente, xente; fonte, monte, ponte</i>		

3. Dialectoloxía e gramática dependencial

Dentro do amplo marco teórico estruturalista, sobrancea a corrente coñecida por gramática de dependencias ou de valencias, que tivo a súa primeira formulación mercé ao lingüista galo Tesnière na súa clásica obra *Éléments de Syntaxe Structurale*, dada a lume no ecuador do século pasado (1959). Segundo

las informaciones diacrónicas que sistematicen las relaciones entre los dos diasistemas, bajo la estrategia de las diferencias de distribución”.

o parecer da profesora Brito (1999: 17), só “será com Tesnière que se começará a desenvolver uma Sintaxe estrutural”, para logo indicar que este autor “é assim o iniciador na Europa das ‘gramáticas de dependências’ ou ‘gramáticas de valências’ que haveriam de dominar a cena europeia nos anos 60, 70 e parte dos anos 80.” A partir de aí, esa perspectiva teórica ten sofrido relevantes revisións e modernizacións, sobre todo nos países da Europa do Leste.

Como é sabido, a gramática de valencias, contrastivamente con outras correntes, céntrase na análise sintáctica e semántica das unidades lingüísticas, de forma que diferentes posibilidades, como a investigación en fonética ou en fonoloxía, deben ser abordadas desde outras hipóteses de pesquisa. Isto non obsta, con todo, para que non fosen percorridos determinados camiños da investigación lingüística, como unha aproximación desde a morfoloxía (Stepanova 1967a, 1967b), a elaboración de dicionarios de valencias ou a gramática do texto (Báez San José 1988: 42, 137-139), se ben que o estudo das disciplinas que se ocupan do elemento fónico non foi transitado.

Para o marco teórico da gramática de valencias corresponde ao verbo a estruturación da cláusula e el é o verdadeiro nó capaz de pór en relación, mediante as súas características semánticas, un SUX, un CD, un CI etc. O significado do verbo determina a súa *valencia*, termo collido da química, que posibilita sabermos cantos actantes ou argumentos ten o antedito verbo, se son obrigatorios ou facultativos, a súa caracterización semántico-funcional canto aos roles desempeñados por eles e, tamén, a indicación das súas funcións sintácticas. O termo *valencia*, pois, defínese como o número de lugares baleiros que precisan de ser preenchidos lexicalmente para un verbo acadar unha total significación e ese número está determinado polo propio predicado verbal. A gramática de valencias fundaméntase en dous pólos, como son a descrición sintáctica e a semántica, segundo Busse & Vilela (1986: 7). Mediante a valencia, por tanto, sábese o número de actantes que pide o predicado verbal, en que se distinguen até dez tipos: A₁ (SUX), A₂ (Complemento Directo), A₃ (Complemento Indirecto), A₄ (Complemento Preposicional), A₅ (Complemento Locativo), A₆ (Complemento Direccional), A₇ (Complemento Temporativo), A₈ (Complemento Cuantitativo), A₉ (Complemento Modativo) e A₁₀ (Complemento Predicativo). A esta división cómpre facérmolle unhas observacións, como é o xeito en que se combinan os elementos actanciais: calquera que for o marco predicativo de cada verbo, nunca se excede de tres elementos, polo que se fala de verbos avalentes (sen

actancia), verbos monovalentes (só un actante), verbos bivalentes (dous elementos actanciais) e verbos trivalentes (tres elementos actanciais)⁵. Así pois, o verbo é a clase de palabras máis relevante na estrutura clausal. Sen verbo, sen FV por tanto, non hai cláusula, como tamén non hai ningún tipo de subordinación de constituíntes a ese elemento fundamental.

Neste punto convén notarmos que o estudo do variacionismo dialectal no ámbito da sintaxe foi tradicionalmente un campo pouco tratado, de forma que se ten presentemente un grao de coñecemento máis amplo de cuestións fonéticas, fonolóxicas, morfolóxicas e lexicais do que sintácticas ou mesmo prosódicas, e non unicamente no espazo lingüístico galego-portugués⁶. Varias son as causas desta situación, susceptíbeis de se resumiren nas seguintes: primeiramente, conforme Francis (1989: 41), a sintaxe, até tempos máis ou menos recentes, non tivo unha atención equivalente á dedicada a outras disciplinas lingüísticas e, inclusivemente, caso fose comparada coa morfoloxía, detectaríase unha certa descompensación orientada favorablemente cara a esta última⁷. En segundo lugar, seguindo tamén o que sinala Francis, o estudo dos dialectalismos sintácticos require “larger samples of language than it has been convenient or even possible to collect by the usual methods”. E en terceiro lugar, a variación sintáctica, mesmo a dialectal, é percibida con frecuencia como un trazo positivo de estilo que debe até se potenciar: nas aulas costúmase aconsellar o alumnado para que sexa coherente nas duplas posibilidades normativas morfolóxicas existentes, mais en sintaxe,

5 Convén notarmos que o que se coñece adoito por SUX fica aquí hierarquizado en primeiro lugar, mais facendo parte do cadro actancial do verbo; na realidade, é este un tema por que se ten cuestionado o modelo valencial, aínda que se tamén pode argumentar a favor o seu lugar predominante no antecitado cadro e o feito de que o verbo, a concordar efectivamente co SUX en número e persoa, tamén concorda eventualmente en caso co CD e CI mediante as estruturas con pleonasma.

6 Véxase Chambers & Trudgill (1994: 151), autores que, a falaren das isoglosas que delimitan fenómenos sintácticos, non hesitan en sinalaren que son bastante raras, “y, de hecho, su aparición, incluso en las más voluminosas recopilaciones de datos dialectales, es probablemente tan escasa y esporádica que con muy poca frecuencia han sido estudiados con detenimiento”. Conclúen denunciando que non “existen ni tan siquiera aproximaciones sobre cómo se deberían ordenar entre sí [as isoglosas sintácticas] o con respecto a otros tipos de isoglosas”.

7 Neste sentido, acaan as palabras de Cidrás Escáneo (2005: 339), ao denunciar a centralidade da descrición morfolóxica nos estudos de gramática cando fala de “morfofocentrismo das gramáticas tradicionais”.

polo contrario, adóitase recomendar a variación e exhórtase o estudiantado a que alterne posibilidades como *Tēñenllo de dar*, *Teñen de llo dar* ou até *Teñen de darllo*.

Por outro lado, non se debe perder de vista un outro motivo, quizais tan importante ou máis que os anteriores, como é o feito da (relativa) estabilidade da sintaxe, xa que se trata dun campo en que as modificacións semellan resultar menos perceptíbeis. As diferenzas sintácticas de carácter dialectal parecen evidenciarse con maior dificultade do que as existentes para as restantes esferas da descrición lingüística. Con todo, o contacto con outras linguas ou variedades costuma ser un factor que pode explicar certos pormenores da falta de coincidencia sintáctica entre diversas modalidades. Así, a tratar o variacionismo do español, Pottier (1999: 32) sinala como a sintaxe resulta pouco “reveladora de áreas específicas”, agás nalgúns casos singulares de contacto con linguas sudamericanas, cunha estrutura diferente dos sistemas modelares románicos (e mesmo indoeuropeos). E, nesa determinación de áreas específicas, para o sistema lingüístico galego-portugués a constatación de diverxencias ou de tendencias resultará máis doada se tivermos en conta territorios maiores. Verase máis abaixo que resulta posíbel rexistrarmos variantes sintácticas dentro das diversas falas. Mais esas diverxencias gramaticais serán, loxicamente, moito máis evidentes ao partirmos do confronto das falas galegas coas lusitanas, coas brasileiras ou coas africanas de expresión portuguesa, pois o grao de diferenciación é aquí maior.

Como queira que sexa, os poucos traballos dedicados aos dialectalismos sintácticos en comparación con outros contributos dedicados á compoñente fonética ou morfolóxica supoñen, de seu, unha situación paradoxal se repararmos na importancia da sintaxe no marco das disciplinas lingüísticas. A este respecto, á pregunta de como desenvolvermos análises dialectolóxicas desde a gramática dependencial é posíbel respostarmos con, cando menos, as seguintes posibilidades: (i) primeiramente, comprobando como se modifica, se for o caso, o cadro actancial de cada verbo, isto é, se mudar o número de actantes de que precisa ao longo e largo do territorio; (ii) a verificar como muda o tipo de elementos actanciais, ou sexa, manténdose a mesma organización valencial canto ao número de actantes mais modificando a modalidade dalgún deles; e (iii) constatando como se alteran as características semánticas dos elementos actanciais, non se modificando o marco predicativo do verbo.

Así, o primeiro camiño que se pode percorrer dentro da teoría da valencia con finalidades de pesquisa dialectolóxica é o que se atesta no territorio galego para o caso de verbos que, a teren un determinado número de actantes, son capaces de o modificaren. Os marcos predicativos de *chover*, *nevar*, *orballar*, *ventar* etc. dinnos que se trata de verbos avalantes, pois son impersoais e non precisan de ningún actante, nin até do primeiro (SUX). Porén, en niveis de lingua populares e en rexistros dialectais, estes verbos son capaces de adicionaren un elemento argumental, que nestes casos pasa sempre a se comportar como SUX na forma do pronome persoal *el*:

8. a. El nevou sen parar toda a noite.
- b. El choveu moito.
- c. E el ventará de tarde?

Tal fenómeno está vivo tamén na linguaxe popular lusitana, a teor das palabras de Vilela (1999: 212), pois ocorre “um pronome *ele*, funcionando como um sujeito de verbos impessoais, com forte ênfase e de sabor nitidamente popular”⁸. Son igualmente interesantes os exemplos e as reflexións que para o portugués contemporáneo achegaba Amaral (1945: 252-256) a respecto de *chover* (*Choveu muita água; Chovem abundantes chuvas; Choveram raios e coriscos*; etc.) ou de *trovejar* (*Trovejaram impropérios; Êle fartou-se de trovejar pragas*; etc.), para os cales acrecenta exemplos literarios provenientes de Camões, Vieira, Gonçalves Crespo ou Antero de Figueiredo. E tamén Buescu (1984: 115) documentou o fenómeno dialectalmente en Monsanto, na Beira.

8 No galego medieval algún destes verbos avalantes, cal é o caso de *chover*, podía ir acompañado dun elemento actancial que funcionase como SUX, tal e como indica López Leizán (1999), quen, logo de analizar un *corpus* de obras escritas na altura, conclúe a indicar que na lingua antiga “aínda se lles trataba de dar unha orixe a este tipo de fenómenos tentando buscarlles un axente creador” e que co transcurso do tempo esta posibilidade “comezouse a considerar redundante e innecesaria” (López Leizán 1999: 121). Algúns dos exemplos que expón este investigador son os que seguen: *et cómo chouē as nu(u)es; ca nó chouera Deus; foy Deus cōtra elles moy sanudo, et choueo sobre elles; enque el esto mandaua, ll trageria odeluvio et choveria sobrela terra* (López Leizán 1999: 115).

Moito relacionado con estes usos impersonais de *el* está a utilización como reforzo interrogativo ou narrativo. Ten un grande uso nos textos contemporáneos, segundo se deduce da numerosa documentación que achega Varela Barreiro (1993: 193) e, embora se trate dun fenómeno que se acha nunha certa situación de retroceso, o seu emprego mantense aínda vivo, nomeadamente na Galiza oriental:

9. a. E el como che vai?
- b. E el vós como ides facer?
- c. El sábese que os lobos baixaron da serra.

O segundo tipo de análises dialectolóxicas que teñen como referencia a gramática dependencial son, como dixemos, as diferenzas na estruturación actancial dos verbos que se atestan xeograficamente para o caso de *esquecer*, en que, na actualidade, se detectan diversas posibilidades de construción argumental; eis algunhas:

10. a. A Aldara esqueceu as chaves
- b. A Aldara esqueceuse das chaves
- c. Á Aldara esqueceronlle as chaves
- d. Á Aldara esqueceronselle as chaves

Talvez as máis empregadas a día de hoxe sexan as dúas primeiras, cando menos nos rexistros escritos, aínda que construcións análogas a todas elas están presentes na nación, de acordo co exposto en ILG (1995: 214-215). Con todo, unha estrutura como a de (10a) parece ser común á totalidade do país agás, segundo ese traballo, ás falas pontevedresas, ao paso que unha estrutura cal a de (10d), documentándose en xeral tamén ao longo e largo do territorio galego, semella predominar nos falares orientais. Quere isto dicir, pois, que cando *esquecer* se construír con A_1 e A_2 vai ter unha certa preferencia xeográfica, en canto que cando se utilizar con outros actantes nunha construción pronominal costumará

detectarse con maior facilidade noutras rexións⁹. É interesante ponderarmos aquí que as diferenzas semánticas entre (10a) e (10d) son mínimas (non así as sintácticas ou as informativas), pois as alteracións significativas adoitan complicar o estudo do variacionismo na esfera da sintaxe¹⁰. Estructuras parecidas son as que se documentan co verbo *lembrar*, que coñece varias das posibilidades actanciais de *esquecer*:

11. a. A Saleta lembrou aquel poema.
- b. A Saleta lembrouse daquel poema.
- c. Á Saleta lembroulle aquel poema.

O terceiro tipo de pesquisa dialectal no ámbito da teoría da valencia que foi presentado máis arriba partía das características dos actantes. Así pois, no marco da rexencia que protagoniza o verbo sobre os seus actantes sobrancean as estruturas seguintes, detectadas por nós nalgunhas falas do extremo occidental da actual provincia da Coruña, concretamente na zona de Muxía e Camariñas. Con efecto, o verbo trivalente *meter* coñece a construción máis habitual con A_1 , A_2 e A_5 (véxase Vilela 1999: 332-339; Silva 2001: 93) en casos como *O Aldán_{A1} meteu_v o libro_{A2} no caixón_{A5}*, en que A_5 posúe certas características sintáctico-semánticas; mais nesa zona da Costa da Morte puídemos constatar a existencia de estruturas do tipo *Metino fóra*, *Meteu o caldeiro fóra* etc., en que, a continuaren a ser índices dunha actancia de tres argumentos, é salientábel, por curiosa, a realización de A_5 como *fóra*, todo o contrario ás exixencias semánticas do verbo *meter*.

Repárese en que a teoría da valencia asenta as súas análises nos esteos da sintaxe, da semántica e, máis recentemente, tamén na lingüística do texto.

9 Véxase tamén Vilela (2002: 326-327) cando expón as “mudanças de ‘regências’” no ámbito verbal que se detectan entre as modalidades do portugués europeo (PE) e as do portugués brasileiro (PB): *contribuir para* (PE) / *contribuir com* (PB), *assistir* (PE) / *assistir a* (PB), *namorar* (PE) / *namorar com* (PB), *brincar a* (PE) / *brincar de* (PB), *precisar de* (PE) / *precisar* (PB) etc.

10 Manifesta a este propósito Silva-Corvalán (1989: 98) que a “variación sintáctica plantea el problema de las posibles diferencias de significado que pueden estar asociadas con las variantes. Es decir, mientras las variantes fonológicas constituyen dos o más formas ‘de decir la misma cosa’, las variantes de una variable sintáctica no son claramente dos o más formas diferentes de decir *lo mismo*”.

O nome substantivo, o nome adxectivo e o verbo, ben como en ocasións algúns adverbios, son os elementos básicos para nos adentrarmos no interior desta hipótese de explicación lingüística. Ao fío dos tres supostos sinalados máis arriba como mostras de pesquisa sintáctico-semántica con finalidades dialectais, coidamos que unha investigación dialectolóxica que adoptar como corrente teórica a teoría da valencia ten de aspirar, como mínimo, aos seguintes obxectivos: (i) o establecemento de mecanismos de comparación que permitiren a constatación de mudanzas valenciais nos elementos con capacidades actanciais, como é o caso da modificación do número de argumentos nos verbos do punto de vista territorial; (ii) a análise dos trazos sintáctico-semánticos dos elementos con tales capacidades para alteraren as súas características de construción valencial canto aos tipos de actantes requeridos, cal é o caso de *esquecer* ou de *meter*; (iii) a verificación cartográfica desas modificacións dialectais, se for o caso, embora tamén con especial atención a outras variábeis de mudanza lingüística (como o contexto, o estrato, a idade, o sexo, a formación etc.); e (iv) a extracción de datos que digan respecto á frecuencia real de utilización de determinadas posibilidades de construción actancial.

4. Dialectoloxía e xenerativismo

Nos primordios da década de 70 do século pasado, Cambell (1972) formulaba a hipótese de realizar estudos dialectais desde uha perspectiva xenerativista, distinta de propostas tradicionais ou estruturalistas¹¹. E, con efecto, máis unha posibilidade dun marco teórico aplicado á análise dialectal é o que nos ofrece a gramática xenerativo-transformacional, que aplica o seu modelo epistemolóxico ao estudo das variedades dialectais, nomeadamente desde os principios da fonoloxía xenerativa. Para isto, convén partirmos de dous presupostos fundamentais: (i) a existencia de formas subxacentes, que son as formas fonolóxicas en que están agrupadas as unidades lexicais no lexicón; e (ii) a existencia de regras fonolóxicas que transforman esas formas subxacentes en formas superficiais, isto é, na súa verdadeira pronuncia. Así as cousas, a dialectoloxía xenerativa asenta na idea de que os dialectos relacionados poden

11 Para un desenvolvemento da aplicación dos principios xenerativistas á análise dialectal, resulta de utilidade o exposto en Francis (1989: 171-192) ou Gimeno Menéndez (1990: 122-130).

ter unha única forma subxacente, mais diferiren (i) nas regras fonolóxicas que se aplican ás formas subxacentes; (ii) nos contextos en que se practican as regras; e (iii) na orde en que se aplican as regras. Subsecuentemente, do punto de vista dialectal, a unha forma subxacente van corresponder diversas formas superficiais, dependendo do grao de diversidade lingüística territorial que houber.

Aínda que os resultados xerados por fonética sintáctica ou combinatoria se achán nunha situación particular, pois están sometidos a condicionantes que se non atestan universalmente (un tipo singular de contexto, os hábitos articulatorios do individuo etc.), non deixa de ser certo que se verifican exemplos acaídos para o que estamos a ver¹². Pódese exemplificar isto con algunhas solucións que se achán presentemente para o encontro da preposición *para* cos pronomes *un* e *unha* en certas falas lucenses, como algunhas da metade meridional. Unha forma subxacente /para uŋa/ en *Van para unha festa* é susceptíbel de se analizar mediante as seguintes regras, que darían como produto varias formas superficiais:

1. Síncope da primeira vogal da preposición.
2. Perda da segunda vogal da preposición.
3. Crase da segunda vogal da preposición co segmento /u/ do pronome a producir /ɔ/.

Así pois, téndomos presentes estas tres regras, rexistraremos, cando menos, as seguintes pronunciacións: en primeiro lugar, da aplicación da regra (1) obtemos /pra uŋa/. En segundo lugar, a partir da regra (2) chégase a /paruŋa/. Máis un resultado consiste na aplicación das regras (1) e (2), segundo as cales se produce /pruŋa/. E en cuarto lugar, da aplicación das regras (1) e (3) é que xorde /prɔŋa/, que é o resultado que se atesta, aínda que non exclusivamente, en certos falares do mediodía de Lugo, cal na comarca de Sarria¹³, ao paso que as restantes posibilidades vigoran noutras partes da nación.

12 No referente aos encontros producidos no ámbito da fonética sintáctica para o galego, véxase Freixeiro Mato (2006, I: 191-216).

13 O fenómeno conta con documentacións literarias nos textos contemporáneos e xa foi percibido por Saco Arce (1868: 145): "Cuando el artículo *un, unha*, va precedido de una de las preposiciones *pra, a, contra* ó alguna que otra palabra terminada en *a*, suele esta letra para evitar el hiato, contraerse con la *u* siguiente, resultando de las dos una *o* (a), v. gr.: *Empresteill'o carro*

No entanto, se na dialectoloxía estrutural resultaba complexo percibirmos con clareza as nocións de incidencia e de correspondencias lexicais na súa aplicación a sistemas diferentes, tamén desde a dialectoloxía xenerativa se formulan algúns inconvenientes. Un deles, conforme expón Francis (1989: 181), é que moitas regras non se aplican automaticamente e sen excepción, mais os utentes da lingua mudan a aplicación desas regras "in the situation under which words are pronounced"¹⁴; o contexto é capaz de facer que algunha regra non se aplique, de forma que /para uŋa/, que é a forma interpretada como subxacente, pode ser unha pronuncia verificábel nun rexistro especialmente coidado ou nunha modalidade que se quixer asimilar o máis posíbel á variedade estandarizada.

Ao falarmos de formas subxacentes, obsérvase unha outra dificultade que se formula en termos de dialectoloxía xenerativa. Con efecto, xorde a pregunta de como deberían ser aquelas na realidade e como se debería chegar a elas. Nun principio, pensouse que se poderían tomar como básicas as formas dun dialecto determinado e derivar todos os restantes dialectos del, aínda que se comprobou que isto nin sempre era posíbel, pois as diversas variedades podían presentar diferenzas en termos de inventarios fonolóxicos, por exemplo, ou mesmo de influencias doutro tipo, como as exercidas por sistemas lingüísticos diferentes. Por outro lado, conséntase ás veces que as formas subxacentes hai que as tomar de áreas diferentes, pois en ocasións non se atestan todas nunha única zona. Así, as formas róticas do inglés deben ser tomadas como básicas, de modo que se tería de acudir á rexión do suroeste por manter a vibrante en palabras como /ka:rt/; mais para outras fenomenoloxías, como é o caso das vogais de *moan* e *mown*, *road* e *rowed*, xa non serve acudirnos a esa parte do país, pois do confronto das pronuncias para eses pares de palabras documentábeis no inglés actual chegamos á conclusión de que o suroeste de Inglaterra non posúe as formas subxacentes esperábeis. Como resulta obvio, o dilema resólvese negando que as

ôn home, ôña muller [...]; *Deixou a casa pr'ôn (pra un) parente* [...]. Con el plural masculino *us* no hay contracción, porque entonces no se distinguiría del artículo *os*". Véxase tamén Barroso (1999: 109), autor que, dun modo parecido ao que se constata no galego de certas falas de Lugo, recolle como o encontro de [ø] e [u] en portugués produce tamén o resultado [ɔ]: *mal abria os ollos* [malø'βriɔ'zɔʎuʃ].

14 Continúa a advertir Francis (1989: 182): "We can only conclude that while most phonological performance goes according to fixed rules, there are areas of variation not only between different speakers of a given dialect, but within the performance of a single speaker".

formas subxacentes deban estar determinadas por un único dialecto (Chambers & Trudgill 1994: 76).

Aliás, a acumulación de datos complica darnos coas verdadeiras formas subxacentes. Dito doutro modo, cantas máis variantes foren tidas en consideración, observarase a necesidade de acharmos máis elementos subxacentes, de maneira que o sistema se fai máis abstracto e menos preciso e, tamén, menos doado de estudar. En definitivo, aínda que sexa posíbel aproximármonos da análise dialectolóxica desde principios xenerativistas, non resulta menos certo comprobarmos que existen algúns condicionantes que, nalgún caso, poden empecer ese propósito.

5. Cabo

Se a relación entre a dialectoloxía a gramática histórica constituíu un moito produtivo punto de encontro entre as dúas disciplinas filolóxicas, a relación mantida coa lingüística non se achaba, até tempos relativamente recentes, nas mesmas condicións. A reflexión dialectolóxica, observada na distancia por lingüistas por se ocupar de fenómenos demasiado particulares para os seus obxectivos, non participou inicialmente dos avances protagonizados polos principais marcos teóricos, tales como o estruturalismo, o xenerativismo ou as gramáticas dependenciais. Mais, felizmente, tense constatado, xa desde o derradeiro cuartel da pasada centuria, como principios epistemolóxicos e metodoloxías propias desas correntes lingüísticas non só non dificultan a análise da variación, territorial ou social, mais antes contribúen eficazmente para a súa explicación e para a súa descrición. As mudanzas de rexencias preposicionais que se atestan nalgúns verbos galegos encaixan perfectamente nas análises valenciais, capaces de proporcionaren novos puntos de vista sobre este particular. Por seu turno, a posibilidade de interpretación da variedade dialectal desde o principio da existencia de diasistemas favoreceu unha nova explicación de diversos aconteceres fonolóxicos e até morfolóxicos. E, igualmente, a constatación de determinados resultados rexionais, como é o caso do produto do encontro dalgunhas preposicións con determinados pronomes, percíbese como susceptíbel de se analizar desde o formulamento da existencia de regras que explicarían todos eses fenómenos.

Obviamente, existen outros marcos teóricos ou mesmo disciplinas que tamén favorecen a análise dialectal, como é o caso da confluencia da lingüística computacional coa dialectoloxía. E convén notarmos, a este respecto, que unha dedicación aos estudos dialectais nos albores do século XXI debe contar con todos eses recursos, xa vindos desde diversos modelos, xa chegados desde as novas tecnoloxías. Todos eles redundarán desde diferentes prismas na evidencia de que a variación é unha das características da linguaxe humana, ao paso que, aplicados ao galego, tamén ponderarán a rendibilidade que posúe a súa riqueza dialectal.

6. Referencias bibliográficas

- AMARAL, V. BOTELHO DE (1945): *Meditações Críticas sobre a Língua Portuguesa. Estudos de Estética e Psicologia da Linguagem. Problemas da Moral do Estilo. Personalidade do Idioma Português* (Lisboa: Edições Cama).
- BÁEZ SAN JOSÉ, V. (1988): *Fundamentos Críticos de la Gramática de Dependencias* (Madrid: Síntesis).
- BARROSO, H. (1999): *Forma e Substância da Expressão da Língua Portuguesa* (Coimbra: Livraria Almedina).
- BRITO, A. M. BARROS DE (1999): *Os Estudos de Sintaxe Generativa em Portugal nos Últimos Trinta Anos, en Para Historia da Linguística em Portugal*. Caderno IV (Braga: Associação Portuguesa de Linguística).
- BUESCU, M. L. Carvalhão (1984): *Monsanto. Etnografia e Linguagem* (Lisboa: Presença).
- BUSSE, W. & VILELA, M. (1986): *Gramática de Valências. Apresentação e Esboço de Aplicação à Língua Portuguesa* (Coimbra: Livraria Almedina).
- CAMBELL, L. (1972): "Is a generative Dialectology possible?", *Orbis*, 21: 285-298.
- CHAMBERS, J. K. & TRUDGILL, P. (1994): *La dialectología* (Barcelona: Visor).

- CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (2005): "A sintaxe na gramática: problemas de descrición e problemas de prescrición", en Álvarez, R. & Monteagudo, H. (eds.), *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*: 335-357 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega).
- DOMÍNGUEZ MUJICA, C. L. (1998): *Sintaxis: el siglo XX* (Mérida-Venezuela: Consejo de Desarrollo Científico, Humanístico y Tecnológico de la Universidad de los Andes).
- FRAGO GARCÍA, J. A. (1999) [1996]: "Dialectología e historia de la lengua", en Alvar, M. (dir.), *Manual de dialectología hispánica. El español de España*: 22-30 (Barcelona: Ariel).
- FRANCIS, W. N. (1989) [1983]: *Dialectology. An introduction* (London: Longman).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2006) [1998]: *Gramática da lingua galega*. Vol. I. *Fonética e Fonoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).
- GIMENO MENÉNDEZ, F. (1990): *Dialectología y sociolingüística españolas* (Alicante: Univ. de Alicante).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1995): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. II. *Morfoloxía non verbal* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- LÓPEZ LEIZÁN, C. (1999): "A impersonalidade do verbo *chover* en galego medieval. Unha aproximación", *Cadernos de Lingua*, 19: 111-122.
- MALMBERG, B. (1985) [s.d.]: *Introducción a la lingüística* (Madrid: Cátedra).
- MOULTON, W. G. (1960): "The short vowel systems of nothern Switzerland: a study in structural dialectology", *Word*, 16: 155-183.
- POTTIER, B. (1999) [1996]: "Dialectología y gramática", en Alvar, M. (dir.), *Manual de dialectología hispánica. El español de España*: 31-36 (Barcelona: Ariel).
- SACO ARCE, J.A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- SILVA, F. (2001): "Entre a gramática tradicional e a gramática de valências", en Fonseca, F. I. & Duarte, I. M. & Figueiredo, O. (orgs.), *Actas do Colóquio A Linguística na Formação do Professor de Português*: 83-105 (Porto: Centro de Linguística da Universidade do Porto).

- SILVA-CORVALÁN, C. (1989): *Sociolingüística. Teoría y análisis* (Madrid: Alhambra).
- STEPANOVA, M. D. (1967a): "Die Zusammensetzung und die 'innere Valenz' des Wortes", *Deutsch als Fremdsprache*, 4: 335-339.
- STEPANOVA, M. D. (1967b): "Über die innere und äussere Valenz des Wortes", *Fremdsprachunterricht in der Schule*, 3.
- TESNIÈRE, L. (1959): *Éléments de Syntaxe Structurale* (Paris: Klincksieck).
- VILELA, M. (2002): *Metáforas do Nosso Tempo* (Coimbra: Livraria Almedina).
- VILELA, M. (1999) [1995]: *Gramática da Língua Portuguesa. Gramática da Palavra. Gramática da Frase. Gramática do Texto / Discurso* (Coimbra: Livraria Almedina).
- VARELA BARREIRO, X. (1993): "Álvaro Cunqueiro, experimentador nos domínios gramaticais", en *Álvaro Cunqueiro. Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991*: 61-70 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- TROUBETZKOY, N. S. (1964): *Principes de Phonologie* (Paris: Klincksieck).
- WEINRICH, U. (1954): "Is a structural dialectology possible?", *Word*, 10: 388-400.